



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Celebración do "Día Internacional do Libro 2023" Biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña


Con motivo da celebración do "Día Internacional do Libro", a [Biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña](#) realizará as seguintes actividades entre os días 21 e 28 de abril:

Exposición bibliográfica "Picasso e Coruña"



Como complemento á exposición temporal *Picasso Branco no recordo azul*, presente nas salas do Museo, desde a biblioteca realizamos unha mostra bibliográfica cunha selección de bibliografía de Picasso que recolle información sobre a estancia de [Picasso en A Coruña](#) (anos 1891 a 1895).

Presentación da Guía do Museo de Belas Artes da Coruña (ed. 2022)



A través dunha selección de 280 pezas da colección permanente, a guía supón un percorrido desde o século XVI ata o século XX, no ámbito artístico español e europeo, cunha especial atención á arte galega. Estrutúrase de forma cronolóxica e temática, a través das seccións de pintura, escultura, debuxo, gravado, artes decorativas, cerámica, numismática e fotografía, que constitúen os fondos do Museo.

Máis información :

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/museo/biblioteca>

Bookcrossing no museo

A biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña participará a partir do venres 21 de abril, nunha actividade de *Bookcrossing* ou Campaña de liberación de libros preparada por algo máis de 40 centros de arte e museos de toda España.



Bookcrossing virtual: cada biblioteca compartirá en liña un libro da súa colección, nun [vídeo colaborativo](#).

Bookcrossing presencial: Habilitarase un espazo na entrada do Museo, onde os interesados, no horario de apertura do Museo, poderán consultar e recoller as publicacións, que estarán rexistradas en www.bookcrossing-spain.com.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22